

## **Compromisos adquiridos polos integrantes da Sociedade da Lingua**

**1- Promover que os pais e nais cotobadeses, de toda a comarca e de Galicia enteira, empreguen o galego como primeira lingua cos seus fillos e fillas, porque non lles suporá ningún problema nas súas vidas e lles facilitará o coñecemento doutras linguas.**

**2- Traballar en todas as agrupacións e colectivos de Cotobade para que a lingua galega sexa a súa lingua propia de uso, e sobre todo entre os máis novos, por ser conforme coas raíces e a cultura propia da Terra de Cotobade.**

**3- Convidar aos centros educativos de toda Galicia a levar adiante iniciativas semellantes, para promover o emprego da lingua galega con todos os nenos e nenas desde o seu nacemento, para que sexa para eles a súa primeira lingua e a sintan como propia.**

**4- Nomear a Antonio Fraguas Fraguas como padroeiro desta iniciativa, para que poidamos levala adiante seguindo o seu exemplo e os seus consellos.**